



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia


Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 19/07/2017 11:14:19

ENTRADA 17001 / RX 1856364



Sr. Presidente

Confederación Hidrográfica Miño-Sil

C/ Curros Enríquez, nº 4 - 2º

32003 Ourense

ASUNTO: Expediente H/27/93-0218 de extinción da concesión de augas da central da Fábrica da Luz iniciado de oficio pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil por incumprimento dos prazos previstos na concesión (BOP de Lugo nº 151, do 03-07-2017).

Serafín González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural na súa cualidade de Presidente da asociación, e con domicilio a efectos de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela,

EXPÓN:

1. Que, con data 01-12-2015, SGHN dirixiuse á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (en adiante CHMS), como órgano substantivo no expediente de declaración de impacto ambiental do proxecto de rehabilitación da minicentral hidroeléctrica Fábrica da Luz, e ampliación do caudal en 11.000 l/s (dun aproveitamento de 7.000 l/s de auga do río Miño) en Castro Romai, termo municipal de Lugo, promovido polo Concello de Lugo (BOE 189, 08-08-2012), solicitando:
 - a. A paralización inmediata e permanente das obras, executadas incumplindo o condicionado da DIA, e a reversión das actuacións ao estado orixinal do treito fluvial.
 - b. A revisión de oficio e anulación da Resolución de Impacto Ambiental ao ser totalmente contraria á normativa ambiental (DC 92/43/CEE, Lei 42/2007, Lei 9/2001, Decreto 72/2004).
2. Que, ao incumprimento do condicionado da DIA indicado no punto anterior, o Concello de Lugo engadiu o incumprimento das condicións e prazos polos que se lle autorizou a modificación das características da concesión para o aproveitamento hidroeléctrico, pois o 12-11-2016 venceu o prazo de 18 meses para a execución das obras (Condición específica 2ª da Resolución da CHMS do 06-05-2015), sen que, conforme ao establecido no Artigo 155.1 e 155.2 do RD 849/1986, do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se solicitase a suspensión de prazos ou unha prórroga para a execución das obras.
3. Que, ao incumprir sen xustificación obxectiva algunha os prazos de execución, son de aplicación as Condicións xerais 21ª e 22ª da Resolución da CHMS do 06-05-2015, así como o establecido no Artigo 66 do RDL 1/2001 (texto refundido da Lei de Augas) e no Artigo 162 do RD 849/1986 (Regulamento do Dominio Público Hidráulico), que determinan as circunstancias polas que se pode declarar a caducidade dunha concesión.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

Por todo o anterior,

SOLICITA:

Que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil RESOLVA aprobar o expediente H/27/93-0218, iniciado de oficio para declarar a extinción do dereito ao uso privativo das augas para a produción de enerxía eléctrica na central de Fábrica da Luz no río Miño en Castro Romai, por incumprimento dos prazos previstos na concesión ao Concello de Lugo.

En Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2017

Serafín González Prieto

Presidente SGHN